

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019-2020

CENTRO: CPI JOSÉ GARCÍA-MENDE

CURSO: 2º ESO

MATERIA: PAISAXE E SUSTENTABILIDADE

DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

DATA: 15/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B1.1. Recoñecer a capacidade das paisaxes de xerar emocións individuais e colectivas.	PSB1.1.1. Elabora bosquexos e debuxos sinxelos a partir da observación nunha saída polo contorno.	CAA CCEC
	PSB1.1.2. Expresa por escrito as sensacións experimentadas e o seu aprecio estético.	CCL
B1.2. Identificar e describir os atributos visuais dos elementos presentes nunha escena paisaxística e os principais trazos da súa composición, segundo a escala.	PSB1.2.1. Describe as propiedades visuais (formas, cores, texturas e volumes) que caracterizan os principais obxectos dunha escena paisaxística, tendo en conta a escala.	CCL CMCTT
B1.3. Recoñecer e caracterizar os elementos da matriz biofísica que conforman a estrutura dunha paisaxe, e aqueles outros de orixe antrópica e as funcións que estes desenvolven.	PSB1.3.1. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa as xeofomas, a rede hidrográfica e as formacións vexetais recoñecibles nunha paisaxe.	CSC CMCTT CD
	PSB1.3.2. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa, segundo a paisaxe en que viva, o parcelario agrario, os tipos de asentamentos e a rede de mobilidade.	CSC CMCTT CD
B1.4. Identificar e describir formalmente unidades homoxéneas na escena paisaxística e comprender algunhas das relacións espaciais e dinámicas	PSB1.4.1. Localiza nun mapa da súa zona de estudo as principais manchas-unidades presentes, caracterízalas e explica de xeito sinxelo a súa funcionalidade ecolóxica.	CMCTT CCL

ecolóxicas básicas que as explican.	PSB1.4.2. Identifica e caracteriza de xeito sinxelo os elementos naturais da paisaxe que cumpren a función de conectividade.	CMCTT CCL
B1.5. Recoñecer os principais tipos de paisaxes: segundo os elementos dominantes, as dinámicas e a funcionalidade (naturais, urbanas e rurais).	PSB1.5.1. Identifica a paisaxe natural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións.	CMCTT
	PSB1.5.2. Identifica a paisaxe agraria e rural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións.	CMCTT
	PSB1.5.3. Identifica a paisaxe urbana e periurbana, os seus elementos formais e as súas funcións.	CMCTT
B2.2. Comprender que a paisaxe é cambio a calquera escala espacial e temporal á que se analice.	PSB2.2.1. Recoñece e valora os cambios a diversas escalas espazo-temporais nas paisaxes do seu contorno.	CAA CSC
B2.3. Identificar a evolución das paisaxes e as pegadas no presente de dinámicas pretéritas.	PSB2.3.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais, referidas a procesos históricos ou acontecementos salientables na súa paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	CAA CSC CD
B2.4. Avaliar criticamente as accións do ser humano sobre a paisaxe e as súas consecuencias ambientais, identificando algúns destes problemas no contexto próximo.	PSB2.4.1. Utiliza tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade, resultado da procura, a análise e a selección de información relevante referida a conflitos e impactos paisaxísticos na súa zona próxima, e expón e defende estes traballos.	CAA CSC CD CMCTT
B3.1. Comprender que todas as paisaxes posúen un carácter que as singulariza, froito das súas formas e	PSB3.1.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais referidas aos valores da paisaxe próxima, e	CAA CSC

da súa organización, así como dos valores intanxibles e materiais que cada cultura nun momento da súa historia lles outorga.	localiza páxinas e recursos na web directamente relacionados con eles.	CMCTT CD
B3.2. Comprender que a calidade da paisaxe é un indicador dos seus equilibrios ecolóxicos e sociais e desenvolver unha actitude responsable cara ás condicións ambientais das paisaxes.	PSB3.2.1. Sitúa nun mapa, caracteriza de xeito básico e valora a importancia dos espazos naturais próximos ao seu contorno.	CSC CMCTT
B4.1. Entender que a paisaxe está relacionada co benestar e a calidade de vida.	PSB4.1.1. Coñece e valora as posibilidades que ofrece unha paisaxe de calidade para o benestar.	CAA CSC CMCCT

LEENDA COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística.
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CD	Competencia dixital.
CAA	Competencia aprender a aprender.
CSC	Competencias sociais e cívicas.
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
CCEC	Conciencia e expresións culturais.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Ensino presencial: observación e informes.</p> <p>Ensino a distancia: informes.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Ensino presencial: traballos individuais e en grupo e rexistro na aula.</p> <p>Ensino a distancia: tarefas.</p>
Cualificación final	<p>Farase a media da 1ª e a 2ª avaliación e poderán sumarse ata 2 puntos extra cunha avaliación positiva das tarefas propostos no ensino a distancia. A entrega das tarefas por si mesma non é suficiente para subir a nota, é preciso que a avaliación sexa positiva. As tarefas de ampliación poden abordar estándares non incluídos na táboa de imprescindibles ao non terse traballado de xeito presencial e non ser necesarias para superar a materia, só para subir nota.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Non se contempla xa que todos os alumnos aprobaron a 2ª avaliación.</p>
Avaliación de materia pendentes	<p>Non hai alumnos con esta materia pendente.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Actividades de repaso e ampliación.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Blogue bioxeomende.blogspot.com</p> <p>Correo electrónico bxmende@gmail.com</p> <p>Alumnado sen conectividade: comunicación ao titor e equipo directivo para tomar as medidas en consonancia co departamento de orientación para facer chegar ao alumnado o material necesario.</p>
Materiais e recursos	<p>Actividades, tarefas e enlaces a recursos colgados no blogue e enviados aos correos electrónicos dos alumnos.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Correo electrónico ao alumnado indicando que a adaptación da programación está colgada na web do centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.